



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D.^a SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Ausentes:

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:00 horas do día 22 de NOVEMBRO de 2018 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde





do día.

PARTE RESOLUTIVA

1. EXPEDIENTE 4584/2018. DECLARACIÓN DE LESIVIDADE

O Sr. Alcalde toma a palabra: Comezamos. Comezamos. Manuel, Manueles, comezamos. Boa tarde a todos e a todas. Benvidos a este pleno extraordinario que ten por punto único, unha declaración de lesividade. Antes de que teña, ou de que tome a palabra o señor Tenente Alcalde, quero facer unha apreciación, para que conste en acta, que hai un erro, nun dos documentos que se van a debater aquí no pleno, que se aportan para este pleno e que nun apartado fai referencia a un día, ou a unha data que é errónea. Fala de que é o 23 de xuño e quere dicir o 23 de maio. No informe de Intervención, que empeza co expediente, o titular pon, expediente número 4584, Informe de Intervención. No punto 5, di, 23 de xuño, cando ten que dicir 23 de maio.

O Sr. Fírvida toma a palabra: E iso reproducése na resolución da alcaldía.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero na resolución da alcaldía...

O Sr. Fírvida toma a palabra: Reprodúcese o erro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero ven de antes. Este informe é posterior. Pero ven motivado por iso.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Que se reproduce, que se repite, por esa causa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, si. Exactamente. Vale.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): que se repite na...?

O Sr. Fírvida toma a palabra: Na resolución da alcaldía, segue mantendo ese erro. Tamén pon 23 de xuño e debería ser 23 de maio. Tamén. Son copias.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón, que quede constancia en acta que a data correcta nestes documentos, cando se fala do 23 de xuño, é do 23 de maio. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde. Cinco minutos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben, eu vou facer un pequeno relatorio dos acontecementos, non?, e de por que temos este pleno extraordinario. Boas tardes a toas e a todos os compañeiros da corporación e ao público. O día 4 de outubro deste ano,



CONCELLO DE BARBADÁS

emítase un informe de Secretaría, onde se recoñece que as administracións públicas poderán impugnar ante un orde xurisdiccional contencioso administrativo, os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme ao disposto nun artigo da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, previa a súa declaración de lesividade, para o interese público. No punto 4, di, que o procedemento para levar a cabo a declaración de lesividade dun acto anulable é o seguinte, que por resolución de alcaldía se inicie un expediente para determinar se existe lesividade no acto administrativo e demostre o interese público, que polo servizo xurídico se emita informe con relación a se o acto administrativo obxecto do expediente, vai en contra dun ordenamento xurídico, e que o incumprimento desta Lei, porase de manifesto o expediente para que no prazo de doce días os interesados aleguen os presentes documentos que estimen oportunos. A declaración da lesividade di, noutro punto, poderá dotarse no prazo máximo de catro anos, dende que se ditou acto administrativo. O día 15 de outubro, do ano 2018, hai un informe de Intervención onde di, que vista a providencia da alcaldía de 3 de outubro de 2018, a través da que se incoou un expediente de lesividade derivado dos defectos formais na tramitación do expediente, expediente de reclamación de emolumentos retributivos a instancia dunha funcionaria desta casa, aos seguintes antecedentes: hai unha reclamación dunha funcionaria, o día 22 de febreiro do ano 2017, apertúrase un expediente derivado dunha reclamación interposta por unha funcionaria que ten un posto, unha técnica de administración xeral, que trae rexistro de entrada 17 de febreiro de 2017. A continuación, os feitos máis importantes son os seguintes. Hai un informe de Intervención do 22 de febreiro de 2017, hai unha reiterada solicitude da interesada do 28 de marzo de 2017. Hai un decreto da alcaldía, desestimatorio das pretensións da solicitante de 4 de maio de 2017. E hai unha solicitude da interesada, relativa a aplicabilidade dos efectos estimatorios en silencio, do 8 de xuño de 2017. Hai unha notificación á interesada do decreto asinado pola Secretaria municipal o día 12 de xuño do ano 2017, contendo un erro relativo á data do decreto. Indícase que está notificado un decreto de data de 23 de xuño, cando o devandito decreto ten data de 4 de maio. E hai unha reiteración da solicitude da interesada en función dos seus intereses. Como consta nos antecedentes referidos, a Intervención municipal emitiu en tempo e forma, un





CONCELLO DE BARBADÁS

informe desfavorable ás pretensións da interesada o 22 de febreiro de 2017. Neste momento, dáse por reproducidos todos os argumentos expostos no mesmo. A Intervención, tramitou o expediente con dilixencia, aflorando os defectos formais e no momento da notificación do decreto da alcaldía de 4 de maio, ao materializarse a mesma, extemporaneamente. A modo de síntese, cabe destacar que a interesada, no momento da presentación da súa solicitude, pretende que lle sexan abonadas diferenzas salariais accedendo a un complemento dun posto de traballo que non se atopa creado. É dicir, que non existe naquel intre no cadro de persoal. A creación deste posto, non se produciu ata o día 13 de xuño de 2018. E mesmo foi como configurado, como un posto reservado aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, pertencentes á subescala de Intervención/Tesourería, habilitación da que a interesada, por outra banda, carece. Isto xunto con outros argumentos xurídicos que aporta a Interventora, é no que se basea o expediente desestimatorio dos intereses desta funcionaria, para desestimar as súas reclamacións de complementos salariais. Silencio administrativo. Como se expresa nos antecedentes deste informe e aínda na providencia da alcaldía que o solicita, o Concello de Barbadás, deu trámite á solicitude da interesada en tempo e forma, resolvendo a mesma a través do decreto da alcaldía de data de 4 de maio de 2017. A resolución motivada desestimaba as pretensións da interesada nos termos expresados, sendo ditada antes de que se produzan os efectos estimatorios do silencio administrativo. A notificación, o traslado de dita resolución, debería terse practicado entre o 4 de maio e o 17 de maio, sendo esta a data límite para evitar os lesivos efectos estimatorios dun silencio administrativo. A realización da actuacións administrativas fóra do tempo establecido

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perdón, van cinco minutos. Dado que se está explicando o asunto, para que quede claro, debíámolo proseguir coa explicación. Estamos de acordo?

O Sr. Fírvida toma a palabra: Eu sei que vostedes teñen perfecto coñecemento porque tiveron acceso a isto porque falamos dabondo nas comisións de onte. Entón coma vostedes queiran.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que prosiga. Perfecto. De acordo todos. Por favor.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si? Pois, desculpas e continúo brevemente. Vale?





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por iso, por iso. Pero eu quero marcar os tempos e que teña dereito a explicarse e vostedes a recibir esa información pero tamén ten que quedar claro que non hai ningunha corta pisa para falar e explicalo para todos. Grazas.

O Sr. Fírvida toma a palabra: A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas, só implicará anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo. A intervención considera que a notificación do decreto de alcaldía de data de 4 de maio, fóra do tempo establecido, motivou alteración do sentido da resolución administrativa. Os efectos do silencio administrativo transformaron unha resolución desfavorable en favorable ás pretensións da funcionaria interesada. Conclusións? Primeira conclusión, informar favorablemente vía Interventora á proposta do plenario municipal da declaración de lesividade da notificación de 12 de xuño do ano 2017 do decreto de alcaldía de data de 4 de maio de 2017, sendo este decreto desfavorable ás pretensións da solicitante, a señora solicitante, e practicada notificación fóra do tempo establecido. Este defecto formal propiciou aos efectos estimatorios do silencio administrativo, considerándose dita actuación lesiva para os intereses xerais. Esta xustificación, pola que se presente o informe de lesividade onde se xustifica que se está causando un dano económico ao concello, polo tanto hai unha actuación lesiva para os intereses do Concello de Barbadás. Resulta inviable xuridicamente, xustificar o acceso desta traballadora a retribucións dun posto inexistente, na data da reclamación. Este rigor é o que substrata e serve de baseamento do decreto de alcaldía. Nese decreto, se informan, vostedes teñen acceso a este documento por que se lle desestima a esta traballadora as reclamacións que solicita. En resumo, a proposta de alcaldía que ven hoxe a pleno, baseándose en todos estes informes, é o seguinte: tráense dous acordos. Acordo primeiro, desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data 18 de outubro de 2018 e desestimar as alegacións presentadas pola interesada o 24 de outubro de 2018. Estas alegacións desestímense polos motivos e co argumento xurídico expresado no informe emitido pola Interventora municipal o 15 de novembro de 2018 e no informe emitido polo letrado, un letrado do Concello de Barbadás, de 15 de novembro de 2018, dos que se remitirá copia á interesada, xunto coa notificación do presente acordo. E segundo, declarar a lesividade para o interese público do acto de notificación extemporánea, fóra de prazo, polo tanto silencio administrativo, do decreto





CONCELLO DE BARBADÁS

de alcaldía de 4 de maio de 2017 de xeito que a notificación practicada polo departamento de persoal secretaría do decreto de alcaldía de 4 de maio de 2017, fóra do tempo establecido, motivou alteración do sentido desestimatorio dese decreto. Os efectos do silencio administrativo transformaron este decreto desfavorable en favorable ás pretensións da funcionaria interesada. O devandito acto é anulable, xa que incumpre co disposto no ordenamento xurídico nos termos do artigo 107 e 48 da Lei 39/2015. Isto é o que traemos aquí.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten o señor Ramón a palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas e benvidos a todos e a todas. Non vamos a entrar no tema do debate sobre a declaración de lesividade porque vamos estar a favor dos acordos porque agora mesmo pensamos que o concello se ten que defender, non porque teña razón o concello, ou a teña a interesada, senón porque o xulgado nin chegou a valorar o informe desfavorable de Intervención porque houbo un informe desfavorable. Simplemente, o xulgado emitiu un fallo en base a un silencio administrativo, sen entrar a valorar un informe desfavorable. Entón, polo tanto, entendemos que polo menos, aínda que a razón a teña a demandante, o xulgado debería ver ese informe e valoralo, para poder saber se realmente ten dereito a cobrar esa indemnización ou non. Por outra parte, nós non entramos, o noso grupo non vai entrar a valorar se ten dereito a cobrar iso ou non, porque unha reclamación, todo o mundo ten dereito a facer unha reclamación e a pedir o que considera xustamente que é o seu dereito, que debería recibir. O concello tamén ten o dereito a defenderse se considera favorable ou desfavorable que esa persoa, pois se lle entregue o que reclama en xustiza. Entón, chegados a este punto, houbo un informe desfavorable, polo tanto se houbo un informe desfavorable de Intervención deste concello, hai que estudar, hai que estudar o tema antes de chegar ao que se chegou. O 17 de febreiro, segundo a información que tivemos nós onte en comisións informativas, e o que recadamos hoxe no concello, os datos son os seguintes: o 17 de febreiro, faise no rexistro, a reclamación por parte da interesada. O 22 de febreiro, ou sexa cinco días despois, ábrese expediente en Intervención, non en Secretaría, e faise un informe de intervención desfavorable, que xa digo, nós non vamos a entrar neses termos que ese é asunto do xulgado, se ten razón ou deixa de ter razón. Intervención traslada á interesada, porque segundo os nosos datos





CONCELLO DE BARBADÁS

estaba traballando no concello, e ademais dálle traslado a Secretaría para que se proceda á notificación dese informe, ou sexa para que se proceda a facer un decreto e se lle traslada informe, ou sexa se lle traslade á interesada. Iso é a información que temos nós. Ben, nese momento

O Sr. Alcalde toma a palabra: El está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu estou na miña quenda de palabra. Nese momento, o 22 de febreiro, faise informe de Intervención e dáselle traslado á interesada, dáselle traslado á interesada, se coñece que no propio despacho e incluso, e invítase á Secretaría, ou a Secretaría, díselle a Secretaría para que se proceda á notificación vía decreto á interesada. Iso pasa en febreiro. Como non se notifica, como non se notifica en febreiro, o 22 de febreiro é a data do informe de Intervención, como non se notifica, isto estamos falando por información que nos deron, eh!, que eu saiba palabra de deus. O 28 de marzo, hai reiteración da interesada porque non se lle notificou. E o 4 do cinco, de maio, faise o decreto desestimatorio e faise constar o informe de Intervención. E trasládase a Secretaría para que se notifique á interesada. A notificación, a notificación é o día 12 de xuño. O día 12 de xuño. E aínda encima o decreto vai con data do 23 de maio, non do 4 de maio, como debería. Ese mesmo día, o 12 de xuño, hai outra reiteración da interesada relativa á aplicabilidade dos efectos do silencio porque se lle entrega unha notificación fóra do prazo do 17 de maio, e aínda por riba cunha data do decreto errónea porque era o 4 de maio a data que debía figurar e figura o 23 de maio. Isto acábase aquí ata agosto que ven á vista nos xulgados, e o día 4 do sete, segundo a información que se nos dá aquí. E logo a sentenza que é o día 18 de xuño

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un pequeno inciso, simplemente que saiban que van os cinco minutos. Nada máis. Dixen que o saiba.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Por iso. A sentenza do 18 de xullo deste ano, entón agora é cando xa pasamos ás alegacións, cando o señor Alcalde pide explicacións no departamento de Secretaría, cando se fai o informe do letrado e chegamos ao punto de hoxe. Todo isto, pois non tería máis relevancia se non tivera o que parece ser que estamos rondando unha cifra de 81.400 euros, aproximadamente, segundo se nos dixo onte nas comisións informativas. Polo tanto, nós queremos pedir





CONCELLO DE BARBADÁS

responsabilidade, queremos pedir responsabilidade, xa que non temos outros datos nin ninguén se fixo responsable disto ata data, ao Alcalde. Non porque teña razón a demandante ou teña razón o concello porque iso é algo que decidirá o xulgado ou as persoas competentes para elo. Non o vamos a dicir nós porque nós non temos capacidade para decidir se esa persoa ten dereito a cobrar ese diñeiro ou se concello non ten razón ou a ten. Pero o Alcalde é responsable porque é o máximo representante do concello, o máximo mandatario, e o concello, permitiu que o concello non se defendera, tendo na man un informe de Intervención en prazo, para que o xulgado estimara ese informe. E simplemente chegamos a un punto en que gáñannos unha sentenza que trae derivado 80.000 euros que son diñeiro público dos cidadáns e por unhas explicacións que terá que dar o señor Alcalde, o concello non tivo nin a oportunidade de que o xulgado tomara en valoración ese informe de Intervención desfavorable, que se emitiu neste concello. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdoen pero é que teño que facer unha aclaración respecto á información que subministra o señor concelleiro, que non é correcta. Vamos a ver. O 17 de febreiro, efectivamente, solicita unha traballadora deste concello, unha reclamación sobre retribucións. Efectivamente, con data 22 de febreiro, existe un informe de Intervención, que subín á plataforma electrónica o 17 de marzo. E o 28 de marzo, a interesada dáse por decatada dá existencia sen que houbera mediado ningún requirimento nin ningunha notificación, simplemente dáselle acceso a ese informe e ela presenta un escrito no que di que con un informe ela non vai a ningún lado, que necesita un decreto de alcaldía que ten que estar baseado nunha proposta de resolución. Nese momento comézase a actuación que leva a que dende o 28 de marzo ata o 4 de maio, non se elabore ese decreto. É dicir, non é que no medio se lle houbera pedido a Secretaría que se lle notificara á interesada. Non, non. Directamente se emitiu un informe e a cousa quedou aí. A interesada preguntou “como vai o meu”, se lle deron explicacións e ante iso, presentou un escrito dicindo “actúen como teñen que facelo”. E iso ocorreu o 4 de maio. Entón a información intermedia que deu vostede non sei quen lla subministrou pero é incorrecta. Non houbo ningún tipo de notificación por parte de Secretaría nin solicitude da mesma. Grazas.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. A voceira ou voceiro de Democracia Orensana ten a palabra.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos, compañeiras e compañeiros. Eu non vou entrar en datas, nin fechas, nin vou a repetir o que aquí xa dixemos varias veces, polo menos dúas veces, o que se falou nas comisións informativas. Para nós, este expediente, tramitouse polo concello, xa que consta informe de Secretaría, decreto desfavorable de Intervención. Polo tanto, entendo que non hai silencio administrativo. Para min o que hai é unha falta de notificación dentro dos prazos. Diríxome a vostede, señor Alcalde, porque vostede como xefe de persoal, penso que lle compete a vostede. E queríalle facer varias preguntas porque o que nos trae aquí é algo bastante grave porque estamos falando de 81.000 euros, dos cidadáns. Diñeiro que non vai saír do seu peto, nin do meu, vai saír de todos. Entón, a pregunta é, por que unha vez asinado o decreto, non se preocupou vostede de que se realizara a notificación? Por que vostede non se preocupou de que dende Secretaría se fixera a notificación en prazo e forma? Por que vostede non computou os prazos neste procedemento tan importante para o concello? Isto quere dicir, que vostede é o máximo responsable de persoal. Vostede ten que estar encima de todos estes procedementos e máis cando estamos falando de contías tan grandes de diñeiro. Nós, dende Democracia Orensana, pedímoslle a vostede responsabilidade política. Responsabilidade. Porque nós, se estivéramos no goberno, saberíamos como actuar. Vostede non está actuando para nós ben. Non está defendendo os intereses dos veciños porque agora temos que ir a un expediente de lesividade. Vostede imaxínese, pónase por caso que non consegue a maioría absoluta que lle fai falta para este procedemento. Pois xa están os veciños de Barbadás fastidiados porque non se podería protestar, defendernos, xa que un xuíz non, non mirou o fondo da cuestión. Mirou un silencio administrativo. Para nós non hai tal silencio administrativo. Houbo unha notificación que non se fixo en prazo. Por que esa notificación non se fixo en prazo? Quen é responsable de notificar? Espero que me conteste e non con evasivas. A min non me vale, “extraviouse, din por feito que os funcionarios o van facer...”, non me valen esas explicacións, a min váleme a realidade. E a realidade é moi grave, porque, grazas que podemos continuar para pelexar pero se non houbera unha continuidade, que pasaría? Vai poñer os cartos o señor Alcalde do seu peto? O equipo de





CONCELLO DE BARBADÁS

gobierno? A oposición? Ou quen os vai poñer? Porque aquí hai un problema e o problema houbo por falta de alguén que non fixo ben o seu traballo. Quen é o máximo responsable? É vostede. Quen ten que depurar? É vostede. E eu esíxolle dende Democracia Orensana que vostede actúe ou se responsabilice directamente que a culpa foi un erro seu. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do PP. Empezamos de novo

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todas e a todos. Compañeiros e público asistente. Señor Padrón, empezo por vostede aínda que despois vou ler un informe xurídico que pedimos á nosa asesoría porque loxicamente nós hai cousas que non entendemos. Non me estraña que vostede vote a favor porque cos datos que deu é normal que vote a favor porque non son reais o que vostede ten. E despois señora Fina Varelas, o Alcalde si é responsable político pero o que vostede di, e vouno defender neste caso, non é responsable administrativo, de algo, para iso hai, ou sexa que, a ver. No que atinxe á declaración de lesividade ten que existir un informe xurídico que tras analizar os feitos do caso concreto serva de base na decisión que corresponda. A elaboración deste ditame previo, tanto nas comunidades autónomas coma nas entidades locais, na que estamos, debido ao seu carácter eminentemente xurídico e transcendencia exterior, corresponde ao servizo xurídico de organización, artigo 1.3 do Real Decreto 997/2003, do 25 de xullo. No caso deste concello correspondente á Secretaría xeral e non á Intervención, que é quen informa favorable sobre a lesividade, xa que de Secretaría nolo ocultaron no decreto que nós temos do mes que nós trouxemos, no mes de novembro as preguntas. Non estaba ese informe, para que quede claro e temos aquí o decreto cando o Grupo Popular, recorden, trouxo as preguntas no pleno pasado. Volvo ler, no caso deste concello, corresponde á Secretaría Xeral e non á Intervención que é quen informa favorable sobre a lesividade, xa que o de Secretaría, nolo ocultaron. Vólvoo repetir. En canto ao procedemento para levar a cabo a declaración de lesividade e unha vez que por resolución de Alcaldía se inicia o expediente, hai que determinar se existe lesividade no acto administrativo e demostrar o interese público. Iso é o máis importante. Na resolución, e non está demostrado. Na resolución da Alcaldía non se demonstra en ningún momento e poden volver vostedes a coller ese informe e non o pon,



CONCELLO DE BARBADÁS

vale?. Entón, vou dicindo porque isto non está correcto. Ademais da infracción xurídica é preciso, non xa unha lesión económica, que si a hai, todos sabemos dende onte que hai unha lesión económica, senón máis xenericamente unha lesión de interese público, no que se pode basear, eh!. O artigo 110 da Lei de Procedemento Administrativo Común, establece cales son os límites da revisión. As facultades de revisión establecidas no mesmo, non poderán ser exercidas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis. Pero a aberración máis grande da que vamos a ser o faime rir dos nosos xulgados e o digo así de claro, é declarar lesiva a notificación extemporánea do decreto da Alcaldía. Déixoo aí. A lesividade non existe na notificación, é para que o entendas vostedes coloquialmente, a carta que se lle envía á traballadora funcionaria. Lesivo sería en todo caso, o seu contido. É dicir, o decreto. A notificación é un paso obrigatorio, imprescindible, para que un poida coñecer si se lle aceptaron ou non as súas pretensións, e a que recursos e prazos ten dereito. Caso contrario sería, que se lle houbera recoñecido á traballadora o reclamado e a continuación caer na conta de que houbo unha equivocación. Iso é o que se podería declarar lesivo pero neste caso, aínda encima de desestimatorio para a interesada, o declarar lesivo o acordo da xunta de goberno que houbo no ano 2005, que xa está prescrito, cando a nomean tesoureira, pero iso por prazos é a todas luces imposible polo que acabo de recordar. Por outro lado, este tema está xulgado e con sentenza firme e irrecurrible. Non se pode xulgar o mesmo dúas veces. É dicir, e a modo de exemplo, se xulgan ao señor Sarín, perdoe que lle poña a vostede por exemplo porque vai saír aí favorable, e finalmente o absolveran, á funcionaria daríalle igual e o volverían a meter no xulgado para xulgallo de novo, se fora así, pero non é así. Vostede está xulgado unha vez e xúlgase unha vez. Punto. En definitiva, o que está máis claro é que a funcionaria ocupaba o posto de tesoureira porque era unha obriga para este concello ter un tesoureiro, e a lei durante todos estes anos permitiu que un técnico poida ser nomeado tesoureiro e como tal realizaba o seu traballo. Ata aí é certo todo o que estou dicindo. Gustaríame que logo me contestaran a todas esas preguntas . Realizaba esta traballadora funcións de tesoureira? Firmaron vostedes especialmente vostede señor Valcárcel, señor Fírvida, distintos trámites realizados pola mesma? Entendo que si, cando firmaron





CONCELLO DE BARBADÁS

nóminas e realización de pagos, que é unha función da tesoureira. Espero que me contesten despois. O que aquí se debate é como vamos facer para non pagarlle a unha funcionaria polo seu traballo. Querían a alguén para facer ese traballo a prezo, vamos a dicilo coloquialmente, de saldo? Iso está ben cando non lle toca a un persoalmente, pero hai moitas sentenzas que din o contrario. Se unha persoa fai traballos de categoría superior ten dereito a cobrar o seu soldo. Miren ata onde alcanza algunha sentenza, e puxéronme un exemplo moi claro onde o poden ler. Sentenza do Tribunal Supremo do 31 de xaneiro de 2005, recurso 6673, pásollo despois se queren velo, 2003, no que se lle paga a diferenza retributiva ao funcionario por realización de funcións de categoría superior aínda que as prazas non consten na plantilla. Ao que acabo de ler, eh! Non obstante tamén queremos denunciar que parécenos que está habendo un acoso e derribo a esta traballadora e funcionaria deste concello, sobre todo dende a súa incorporación dunha baixa longa. Todos somos conscientes dos decretos que nos pasan neste concello, no pleno, cando imos a un pleno, pásannos os decretos anteriores asinados, todos vemos que é a única traballadora deste concello onde se lle fan decretos para que faga funcións puntuais, e míreno vostedes que non estou mentindo. Primeiro, en canto se incorpora a mesma, non sabemos por que, tráese con urxencia a un tesoureiro. Xustifican vostedes a urxencia coa realización das nóminas. A urxencia de traer a este tesoureiro e ata o día de hoxe non as fixo, e aínda por riba seguímoslle pagando a Wurth, entre 1.500 e 2.200 euros ao mes, sen contar agosto, que o poden ver nos decretos, foron 3.500 euros que aínda non sabemos por que. Ademais de pagar a outra empresa por dar altas de traballadores e de contratos de facturas de en torno aos 1.000 euros. Quere que lles sume? Para vostedes voulles facer unha pregunta que están aquí e que depende o seu voto do que lles vou dicir. Para vostedes non lles parece lesivo, é dicir, prexudicial aos intereses públicos? Déixoo aí. O traer a un tesoureiro para facer nóminas e pagarlle a este señor 60.000 euros de nómina máis un 30% de seguridade social de empresa, que son 18.000 euros a maiores, é dicir, 78.000 euros e ademais seguímoslle pagando á mesma empresa que segue facendo as nóminas 22.000 euros a maiores? A isto chámase coloquialmente, despilfarro. Ademais o señor Alcalde non explicou todo o que leva xa gastado neste proceso. Hai que sumarlle a todo isto, primeiro canto nos custou o avogado que perdeu o xuízo? O procurador? As costas de xuízo? O custe dos





CONCELLO DE BARBADÁS

informes que se fixeron fóra para resolver as alegacións da funcionaria? E despois, canto nos vai custar o novo xuízo que queren poñer en marcha e que van a perder porque nin sequera llo van a admitir? Por se non se decataron aínda algúns e algunhas que caro nos vai saír un capricho do señor Fírvida, como é a Casa da Mocidade. E todas estas contías podémolas pagar sen remordemento de conciencia e a nómina dunha traballadora que supón unha diferenza de 15.000 euros ao ano, o declaramos lesivo. Todas estas aclaracións as expoño para que todos os concelleiros que vamos a votar esta declaración de lesividade, teñamos as cousas medianamente claras, e inclúome porque eu son consciente de que dende este Grupo de Goberno, ocultáronnos información e a isto me remito, eh! E non nos dixeron a verdade. Nos dixeron, perdón, dixéronos a verdade que quixeron e estou segura de que se isto se leva ao Contencioso por parte do concello, a funcionaria solicitará a transcripción deste pleno, para ver que é o que se dixo, que se explicou e que é o que se votou e por quen. Porque está máis que demostrado de que non hai lesividade en todo o que lles lin. Non a hai. Se queren vólvollo repetir. O interese, onde está o interese público? Aquí o que si lles digo, e isto é colleita miña, propia, hai moi mala fe e non imos a ser cómplices, o Partido Popular, de todo isto que se trae aquí porque mire,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva dez minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Na segunda intervención, grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que son xeneroso co tempo pero son dez minutos. É o dobre e ademais

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu quería solicitar unha aclaración respecto á documentación. Falou de ocultación de documentación e gustaríame saber a que se refiren. Fálase de que falta un informe de Secretaría e non sei que informe é ao que se refire.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A ver, podo?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós, cando no pleno do mes de novembro, nós, este decreto de Alcaldía, ten data de 15 de outubro, vale? Aquí pon que hai un informe de Secretaría e un informe de Intervención. O informe de Intervención si estaba

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que..Podo acceder ao documento para velo?





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro. É que por iso decatámonos nós deste expediente.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver. Resolución de Alcaldía. Non sei onde está isto. Declaración de lesividade. Ah! Vale. Ah! É o decreto de iniciación do procedemento para determinar se procede a declaración de lesividade do acto administrativo. Claro, é que con anterioridade a isto, non existe ningún informe xurídico. A partir de aquí, iníciase o procedemento para declarar a lesividade e ... Non, pero vamos a ver. Existe un informe de tramita...a partir de aquí que isto fíxose en Intervención, evidentemente, porque eu descoñecía tamén este documento. Ou sexa, é dicir. É o documento de inicio, de Intervención ou Tesourería. A partir dese momento é cando é necesario un informe xurídico relativo á tramitación do procedemento e despois outro posterior informe xurídico, durante o expediente que versa sobre o fondo do asunto. Nese é onde eu abstívenme para non prexudicar aos intereses deste concello e dada a miña discrepancia co resto dos habilitados que sosteñen a inexistencia de dereito algún. Eu non sosteño o dereito aos 81.000 euros pero sosteño un dereito parcial existente da funcionaria. Para non xerar polémicas e non obstaculizar o trámite deste expediente sen polémicas internas, e dada a miña especial relación coa interesada, non especial pero que excede, segundo o Tribunal Supremo do que se considera unha mera relación de traballo, presento un escrito de abstención. Por iso o segundo está elaborado por un avogado contratado polo concello debido a miña abstención. Iso, son, si, si, eses son os dous.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E quero intervir eu tamén. Quero responder ás súas preguntas. Se entran vostedes nun debate semi xurídico.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, é unha aclaración.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É unha aclaración, pero... A ver, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vamos a ver. Para que quede claro, perfecto e entendido porque ademais é así. Pero o que eu lin é que a elaboración do informe xurídico non serve externo. É que aparte nolo confirmaron. Ten que ser de un servizo xurídico, é que o pon a lei, de administración, tanto de, ben, podo poñer un exemplo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Podería ser calquera técnico xurídico.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Isto está pensando para os concellos onde hai servizos de asesoría xurídica

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, Silvia, tes a Deputación, tes outro compañeiro que cho poida facer.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A cousa non sería posible a non ser que fose por

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estamos de acordo pero non serve o, é que de feito o que nos dixeron é que non servía o externo. Ten que ser, pono na lei, servizo xurídico de administracións. E ten que ser por, a ver, telo ben fácil, está a Deputación e está, pode ser algún compañeiro teu doutro concello. Punto, xa está. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Ben. Vou empezar pola señora Chelo. Vamos a ver. Fan vostedes, vostede, un totum revolutum, aquí. Mestura a Casa da Mocidade co expediente de lesividade, con Wurth, cun posto de traballo. Ben, un totum revolutum. Primeira cuestión, fala vostede dun servizo xurídico. A lei fala claramente dun servizo xurídico, pero non fala dun servizo xurídico público, nin da administración. Non o di. Fala de servizo xurídico. Ben. Segunda cuestión. Non queremos un traballador ou traballadora a prezo de saldo, señora Chelo. Esta traballadora leva traballando para este concello como tesoureira accidental dende o ano 2006. 2006. Cando se orzamenta o posto de traballo de tesoureiro habilitado estatal? Orzaméntase no ano 2016 porque é obrigado por lei que haxa un partida orzamentaria para poder despois crear esa praza. Senón, habería, non habería crédito suficiente para podela crear. Esa é a segunda cuestión. E vostedes foron quen lle marcaron o salario a esa persoa cando vostedes gobernaron. Nós non llo aumentamos nin llo reducimos a esa persoa. Falo da tesoureira accidental. Non lle incrementamos nin lle baixamos o salario, para nada. Mantívose coma estaba. Vostede pregunta sobre as funcións que desempeñaba esta tesoureira. Pois desempeñaba as que tiña asignadas momentos antes de entrar nós no goberno, seguiu desempeñando as mesmas funcións. E dicir que foron vostedes quen contrataron a Wurth no seu momento. Non os contratou este goberno. E dicir tamén que o tesoureiro habilitado estatal, ou nacional como se queira chamar, leva no concello dende xuño de 2018, non leva máis tempo, leva catro meses. Dicir iso. Ben. Contestarlle á señora Fina Varelas. Pregunta, por que asinado decreto non se produce, por que asinado o decreto non me preocupe porque se fixera traslado del ou lle fixera





CONCELLO DE BARBADÁS

seguimento ao mesmo? Pois mire, voulle dicir o que di a lei en relación a iso. Primeira cuestión, a única persoa que pode dar fe pública son os Secretarios ou Secretarias do concello. Son os depositarios da fe pública, sendo a Secretaria, neste caso porque é muller a que pode firmar as notificacións, non as asino eu. Dito iso, Secretaría municipal, a Secretaria municipal é a responsable de todos os cómputos dos prazos, non o Alcalde. O Alcalde non é un funcionario. Non é un funcionario. É así o que di a lei. É dicir, son responsables de todos os expedientes. Eu non teño ningunha obriga, nin teño que computar prazos de nada, senón estaría computando prazos de todo tipo de expedientes. Tería que computar prazos de todo tipo de expedientes. É así. Dende Secretaría tense que informar de tres cousas, do procedemento, da competencia e dos prazos. Non informa o alcalde. Infórmase dende o departamento de Secretaría, concretamente da persoa que exerza a función de Secretaria. Non informa o Alcalde. Non informa o Alcalde. Polo tanto a obriga de cómputos de prazos non lle compete ao Alcalde. Para nada. Creo que queda meridianamente claro. Segunda pregunta, responsabilidade política. Pois como dixo a señora Chelo Vispo, responsabilidade política xa me contará vostede nun erro administrativo. E tamén digo en defensa das persoas ou da persoa que se equivocou, todo o mundo que traballa ten dereito a equivocarse. Aquí hai un erro porque xurdiu, ocorreu como nos pode ocorrer a calquera de nós. Non sei se lle respotei ás súas preguntas, señora Fina Varelas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que quero facer unha matización. Á Secretaria non lle corresponde o prazo de todos os expedientes do concello, correspóndelle ao funcionario, non porque senón tería que ser deus, porque aquí fanse en cada departamento, cada persoa fai varios expedientes. Entón, tería que ser deus, que non o son de momento e correspóndelle ao funcionario responsable da tramitación. O que abre o expediente é o que sabe cales son os prazos do procedemento. Eu por exemplo, non sei cal é o prazo en Cultura, para un tipo de axudas, que se solicitan, cando termina o prazo. Non sei cando é o prazo das licenzas de urbanismo que se tramitan en Urbanismo. Loxicamente, por imposibilidade física. Pero nin eu nin ningún outro Secretario no mundo mundial, en ningún concello. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Lamento discrepar coas señora Secretaria. Lamento discrepar. O que di a lei é o que di a lei e a lei di o que estou dicindo eu.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por suposto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Claro. Teño dereito a discrepar. Teño dereito a discrepar. Claro. Eu digo o que di a lei, non digo outra cousa. A lei pódese verificar e pódese comprobar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A lei pono

O Sr. González toma a palabra (PP): Tamén di a lei

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quen intervén? Estou na miña quenda de palabra. Repito. Estou na miña quenda de palabra. Hai unha, que creo que si, estou na miña quenda de palabra. E vostedes agora teñen dereito a unha quenda de réplica cada un de tres minutos. Por favor fagan uso del cando lle corresponda. Cando lle corresponda. Señor Manuel, Ramón, perdón, está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vamos a ver. Din vostedes que por que se perdo o xuízo. O xuízo pérdese, que se perdeu o xuízo, e por que se perdeu o xuízo? O xuízo pérdese porque hai un silencio administrativo. Porque hai, non se chegou a entrar, non chegou a entrar o informe, non chegou a entrar a considerar o informe desfavorable da Interventora, o xuíz. Non chegou a entrar. Non. Gaña o xuízo polo silencio administrativo. Gaña o xuízo polo silencio administrativo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non é debate. Por favor, que interveña o señor Ramón, na súa quenda de palabra, de tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Lean. Léanse o chisme. Vale. Por iso agora ven a declaración de lesividade. Que máis? Hai un feito que está constatable, constatable. Preséntase unha reclamación no rexistro o 17 de febreiro, e contéstase o 12 de xuño, aínda encima cun erro do decreto que era do 4 de maio, ponse o 23 de maio. Iso creo que non rebate ningún aquí, nesta sala. Entón, polo medio ningún dá unha explicación, ningún se fai responsable do que pasou polo medio dese tempo. Por que non se presentou en tempo e forma. E agora fágome unha pregunta, eu xa digo, como dixo antes a señora Secretaria que dixo que algunha información que estaba mal, pois eu tamén non vou a dicir que sexa certo iso. Eu digo o que, a información que nós recabamos. Tamén quero que se me conteste a apertura do expediente cando se presenta a reclamación o 17 de febreiro, onde se abre? En Intervención, en Secretaría, nos dous departamentos, ou nun só? Si se abriu só en Intervención e non se abriu en Secretaría, se





CONCELLO DE BARBADÁS

en Intervención no se chega a abrir, nin sequera habería constancia de facer un decreto desestimatorio, nin habería informe de Intervención. Ou sexa, pasaríamos os tres meses cun silencio total administrativo. Entón, eu pregunto se ese expediente, cando entrou en rexistro a reclamación, se abriu nos dous departamentos ou nun só? En Intervención está claro que se abriu porque se fixo un informe o día 22 de febreiro, cinco días despois. En Secretaría non temos constancia que se abriera ese expediente. Por iso dicimos, se non se chega a abrir ese expediente en Intervención, senón é así, que se abriu en Secretaría, o silencio houbera sido total porque entón xa non habería nada que notificar. Entón, iso é o que hai. Volvemos a repetir, e que quede moi claro, nós non vamos a dicir aquí quen ten a razón nin nos compete a nós se ten dereito a cobrar eses emolumentos ou non ten dereito a cobralo. Iso ten que decidilo quen ten que decidir. Aquí houbo unha serie de erros polos que o concello, o xulgado declarou silencio administrativo e en base a iso, emitiu unha sentenza, un fallo. E agora estamos aquí para emendar a plana. E conforme dixen no primeiro momento que iamos a votar a favor, visto as discrepancias que existen entre, sobre algúns temas, entre Secretaría, se ten que ser un avogado de fóra, se ten que ser un avogado de dentro ou tal, pois vámonos abster neste punto, porque evidénciovos eu tamén a interpretación que o Alcalde di que a responsable é a señora Secretaria, a Secretaria di que é un funcionario, entón vamos, aquí claro, ao cidadán non lle queda nada. Nin os erros, nin quen é o responsable do que pasou, eh!, porque todo parte de non haber unha notificación en tempo e forma. Nada máis. Todo este rolo parte diso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Podo facer unha aclaración novamente? É que quizais o descoñecemento do funcionamento administrativo. Os expedientes que por exemplo, pide unha licenza de obra, o expediente ábrese nun organismo. Vostede quere realizar unha actividade deportiva, o expediente ábrese en Deportes. Non se abren todos os expedientes en Secretaría e ademais noutro sitio por duplicado. Polo tanto, non pero eu aclárollo. Se un expediente é unha reclamación económica de taxas, ICIO por exemplo, ou reclamación económica patrimonial ou patrimonial feita por un funcionario ou particular, ábrese na área económica e xa queda feito alí. E logo a área económica pode reclamar información, datos ou o que queira de Secretaría ou de calquera outro





CONCELLO DE BARBADÁS

departamento, ou ao mesmo, por exemplo se é a devolución dun ICIO. Claro, é iso, non se abre por duplicado. Ábrese nun sitio ou ábreo noutro. O que o abre pode ser que nos dea traslado a Secretaría e nese caso pode tamén establecer as directrices que é o que necesita o Secretario.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas Silvia. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Aquí en vez de aclararse as cousas, cada vez líanse máis. Quero que me conteste o señor Alcalde se este expediente de que é? É expediente de persoal?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Vale. Os expedientes de persoal son de Secretaría. Si ou non?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ah, non? Os expedientes de persoal non son de Secretaría? Vale.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Estase dirixindo a min, Silvia. Son eu quen ten que responder.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Son quen ten que asesorar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Vou a facerlle as preguntas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora estase dirixindo a min.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Vou facer as preguntas e vostede contésteme e a ver si se poñen de acordo porque o que me parece, o que me parece é que non é de recibo que un traslade o problema a un e outro o traslade a outro. Vamos a ver. Aquí houbo un erro e o erro non é silencio administrativo. É falta de notificación en prazo. Aí estamos creo que de acordo todo o mundo. Vale. O que me pregunto é, se isto é unha reclamación de persoal. Quero que me conteste. Se é persoal a quen lle compete. Segundo me informaron a min é a Secretaría. Vale. Vostede dígame se me equivoco ou non me equivoco. Vostede é o xefe de persoal, o máximo responsable. Por iso eu lle botaba antes a vostede a responsabilidade porque se é de persoal e vostede é o xefe de persoal compéttelle a vostede. E se non lle compete a vostede competeralle á persoa que está por debaixo de vostede. Eu non me vou a meter niso. Outra cousa, quero que quede





CONCELLO DE BARBADÁS

claro, vamos a ver, a funcionaria leva dende o 2005, exercendo de tesoureira accidental. Estamos de acordo. Cobraba 400 euros a maiores do seu soldo. Ata que no ano 2016, non se deu, non se gardou nos orzamentos unha partida de 60.000 euros, a funcionaria cobraba os seus 400 euros, e ata onde eu teño entendido nunca houbo ningunha reclamación. A reclamación foi cando se fixo, se gardou ese diñeiro porque había que meter un Tesoureiro. Por que había que meter un Tesoureiro? Porque é unha obriga legal. Así de claro. Entón, nós queremos que nos digan que pasou con esa notificación, por que non se deu en prazo e a persoa que sexa responsable, sexa quen sexa, non son eu quen a teño que buscar. Non é o meu traballo. Eu non estou como xefe de persoal nin estou traballando dentro do concello. Entón, vostede como xefe de persoal, aclárenos, por que unha cousa tan transcendente, porque aquí estamos falando de moito diñeiro, moito diñeiro. Por que unha cousa tan transcendente se pode extraviar, traspapelar nun concello. Quero que quede unha cousa clara, ninguén está falando de mala fe, ninguén está falando, dígoo para que conste, para que non se empece na cabeza dalgunha xente que eu estou pensando que foi de mala fe. Para nada. Pero a realidade é a que temos. Hai un auténtico problema. Un problema que temos que subsanar. E eu vou a votar a favor deste proceso porque se non se vota a favor deste proceso, os veciños de Barbadas van a perder 81.000 euros, que poden vir ben para outras áreas, como Asuntos Sociais, Educación ou Equis, onde se podan gastar pero no pobo, non onde se tire o diñeiro. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non sei se debo contestarlle agora, ou...

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu quería facer unha aclaración se vostede mo permite, claro, do que figura na RPT.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, na RPT figuran moitas cousas. Por favor, faga a aclaración.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Moi ben. Acaba de sinalar que o Alcalde é o xefe de persoal. É absolutamente incuestionable. Dio a Lei de Bases, a xefatura superior do persoal. Pero a distribución de asuntos por departamentos é parte de Secretaría Xeral e establécese na RPT que en caso de dúbida, sobre que asuntos debe de levar un departamento ou outro, desculpe, repito, a RPT pon que en caso de dúbida, na distribución de asuntos, sobre quen debe levarlos, un departamento ou outro, é a





CONCELLO DE BARBADÁS

Secretaria Xeral neste caso a que decide. Polo tanto, a distribución de asuntos ao Alcalde non lle corresponde nin ten porque coñecela exactamente. E en segundo lugar, difiro con vostede e neste senso, difiro non dende un punto de vista de opinión particular senón dende un punto de vista xurídico en que calquera reclamación de cantidade é unha reclamación económica, proveña de Urbanismo, é dicir, por un feito urbanístico, proveña dunha reclamación dun traballador, ou proveña dunha reclamación dun cidadán calquera, ou dun alumno da Escola de Música. É dicir, non será un expediente da Escola de Música, unha posible reclamación do pai dun alumno, de carácter económico. Entón en Secretaría regúlase o acceso ao servizo da administración, os procedementos selectivos, as altas e baixas, os permisos, vacacións e licenzas, e demais contingencias de tráfico común, por chamalo dalgunha maneira. Pero se hai unha reclamación porque alguén di, pagástesme mal a nómina e hai bastantes, e se produciron bastantes silencios, se alguén di, eu teño dereito a que me pagues por este día traballado 400 euros, se alguén di, eu teño dereito a que me abones o que me retiveches indebidamente na nómina, eu teño dereito a que me pagues este complemento porque cho saltaches, é unha reclamación económica. Outra cousa é que se solicite un informe xurídico ao respecto. Pero inicialmente é que se pide? Pídese diñeiro, á area económica.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Podo facer un inciso, un momentíño.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, acenda, acenda.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Entón, segundo a explicación da señora Secretaria, non é unha reclamación de persoal. A ver se nos entendemos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que non, é económica.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Se é, a ver vostede señor alcalde, dígame.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se me deixan intervir, falo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Voulle facer un matiz.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se están vostedes entre unha e outra. Entón respóndolle en canto me corresponda. Claro.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A reclamación de persoal, produciríase por exemplo, no caso que temos agora presente de que unha funcionaria que está desempeñando un posto de traballo e, por favor, e está desempeñando un posto de



CONCELLO DE BARBADÁS

traballo e cobrando un soldo di, non estou encadrada na categoría legal que me corresponde ás funcións que desempeño. Entón ese é un problema de Secretaría. Pero se o que reclaman é diñeiro porque a nómina se lle pagou mal, ou porque non, porque se lle pagou mal, non, enténdame, porque o reclamante entenda que se lle pagou mal, esta señora entende tamén que non se lle abonaron uns trienios. É diñeiro o que pide. Na fiscalización da súa nómina ela sostén, a reclamante, que houbo un erro. Hai outro funcionario que di que non se lle pagou un día de traballo. É diñeiro. Pide 400 euros. É que é, non, pero non se trata de responsabilidade. Eu quérolle explicar o funcionamento do concello. Entón, cando alguén pide diñeiro, veña de onde veña a reclamación, é unha reclamación económica, con independencia de que se pida auxilio a outros departamentos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, pero entón está mal redactada, non é unha reclamación de persoal.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, é que non é unha reclamación de persoal. Hai unha insistencia en que sexa unha reclamación de persoal pero non o é.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Podo intervir eu? Pódolle responder á señora Fina. Ou se quere intervir o Partido Popular. É que aquí están entrando en debates todos e o que menos pode falar son eu, ao final.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu non debato é. Eu aclaro

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro erro, voulles aclarar a todos vostedes o primeiro erro onde se produce. O primeiro erro. Todos os expedientes que hai no concello requiren un informe de Secretaría. Todos. Todos. No que se indique, xa o dixen antes, quen queira entender que entenda. Todos os expedientes do concello requiren un informe de Secretaría, no que se indique o procedemento, a competencia e os prazos. E xa o dixen antes. Neste expediente falta ese informe e aí si que se podía, non, neste expediente de inicio, cando se fai a reclamación por parte da señora Tesoureira accidental. Cando se fai a primeira, non no de lesividade. Non no de lesividade senón no outro. Cando a señora Tesourería accidental fai unha reclamación, cando fai unha reclamación, hai que abrir un procedemento. Perdón, hai que abrir un expediente. E ese expediente hai que informar dende Secretaría de tres cuestións, a quen lle compete tramitalo, pode ser Persoal, pode ser Intervención ou non, aí xa non entro. Aí xa non





CONCELLO DE BARBADÁS

entro. Pero aí falta un informe de Secretaría en relación ao procedemento. En relación ao procedemento. Non, non, estou falando do expediente inicial. Entón, en Secretaría si que terían que haber informado de a quen lle competía.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): ... por que non ...responsabilidade, entón?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non. Por que non se pediu ese informe?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Claro.

A Sra. Secretaria toma a palabra É dicir, quen abriu o expediente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Aí está. Aí está.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Esa é a miña intervención de agora.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non teño que ir a iso.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que non podo informar do que non coñezo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Sobre o procedemento, a competencia e os prazos.

A Sra. Secretaria toma a palabra Do que non coñezo non podo informar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu aí xa non entro. Vamos a ver. Pero eu estou contestando ás preguntas de Fina.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non se pediu.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estou contestando ás preguntas de Fina. E eu dende logo que non son un funcionario para pedilo eu.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Para pedilo eu. Iso está clarísimo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón Intervención non pediu informe a Secretaría.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu non sei se lle compete pedilo ou non lle compete pedilo. Eu non sei. Eu non o sei. A ver, por favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non é o Alcalde, Fina. Non, non, non. O que abre o expediente, a ver, para que entendades a mecánica

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estaba intervindo eu, pero ben.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Cando se abre un expediente, o departamento que o abre, pode necesitar auxilio xurídico, auxilio económico, entón pide informe a Secretaría, informe a Intervención, ou auxilio urbanístico e pídese un informe a un



CONCELLO DE BARBADÁS

técnico. Auxilio de Cultura e pregúntase, que se informe sobre un expediente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Silvia, déixame falar un momentíño Vamos a ver.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu dixen xa antes, eu xa dixen antes que aquí non viñamos a dilucidar responsabilidades de ninguén. Aquí, aquí, no pleno. De ninguén, de ninguén. Dixen que no pleno non viñamos a dilucidar as responsabilidades de ninguén. E dixen claramente, dixen claramente que quen traballa se equivoca. Sexa de quen sexa a responsabilidade. E tamén digo aquí que no seu momento tiveron unha reunión coas persoas que consideraba oportunas e dixen o que dixen. E Silvia estaba presente e podería dar fe do que dixen. O que dixen é que aquí trátase de solventar este problema. Este problema. Así. E volvo repetir, quen traballa equivócase. E todo o mundo equivócase. É certo que neste caso, é certo que neste caso, ten un importe considerable esa responsabilidade, ou ese erro, pero todo o mundo ten dereito a equivocarse. E acabo de dicir, eu non interrompín a ninguén, por favor. Eu non interrompín a ninguén. Dixen que cando hai un expediente que se require un informe de Secretaría, falando do procedemento que hai que aplicar da competencia de quen debe realizalo e dos prazos para que non haxa precisamente estes erros de tipo administrativo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Iso ocorre en contratación, nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E despois, Fina, a notificación, o Alcalde non vai estar encima da notificación porque pode haber 50 – 60 notificacións ao longo do día

A Sra. Secretaria toma a palabra: Máis, máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Máis, non sei cantas pode haber. E esas son as aclaracións que lle podo dar. É así. É así. Non sei se ten algunha pregunta máis ou se lle serviu de algo. E perdón, nese caso, eu considero, Fina, só un momentíño que respondo ao que preguntaba vostede antes, eu considero que é unha reclamación de persoal, que ten unha implicación económica? Si. Que ten unha implicación económica? Certo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É ao revés, é unha reclamación económica que ten unha implicación de persoal.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vale. Son interpretacións. Son interpretacións. Eu non lle estou dando a razón nin quitando a razón a ninguén. Eu estou intervindo agora mesmo e non interrompín a ninguén.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Alcalde, vamos a ver. Este é un pleno, por





CONCELLO DE BARBADÁS

favor Chelo, un momentíño, señor Alcalde esta é unha barbaridade e é un pleno caótico porque eu penso que o señor Alcalde e unha señora Secretaria dun concello terían que entenderse e saber para que nós, os concelleiros, puidéramos votar en consecuencia e ben votado esta decisión. A señora Secretaria explica unha cousa. Vostede agora xa case se desdí do que dixó antes. Vamos, ao meu entender de vista. Aquí, vamos a ver, non vamos a falar de prazos. Non vamos a falar xa, non entro na materia dos 400 euros, senón estaba de acordo, ou non estaba de acordo. Xa non entro neses temas. Aquí o que entro é que houbo unha notificación fóra de prazo e iso acarréxanos ao concello un gasto económico a todos os veciños incluído a min e a vostede que sodes veciños de aquí. Entón, que pasou con esa notificación?, en que mesa se encontrou para non dar entregala en forma e prazo, e forma? É que é tan sinxelo de dicir, pois mira, pois foi un erro de tal persoa, foi un erro tal...Porque os erros cando son de diñeiro, non é, equivoqueime.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, aquí non vamos a poñer nome.

A Sra. Secretaria toma a palabra: O explicamos onte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que a señora Secretaria xa o explicou onte.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non vamos a poñer nome. De feito a notificación fíxose na área de Secretaría

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non se fixo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, a notificación, perdón, aquí non podemos falar todos, Santi. Non podemos interromper todos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: El quere unha explicación porque non estivo na comisión informativa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero que llo informe a súa compañeira. Que o informe a súa compañeira como se informan os demais. É que senón intervimos todos aquí. A ver, vamos a ver. A notificación fíxose dende a área de Secretaría. Fíxose fóra de prazo. E onte na comisión explicouse cal foi a razón. Creo que na comisión quedou evidenciada a razón. E volvo repetir. E volvo a repetir o que dixen. Que aquí quen traballa ten dereito a equivocarse, puntualmente. É certo que nos custa diñeiro. E non me desdixen para nada do que lle contestei antes, señora Fina Varelas. Dixen que dende Secretaría





CONCELLO DE BARBADÁS

hai que informar de tres puntos, procedemento, competencia e prazos. Competencia, procedemento e prazos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Volvo a incidir, perdón señor Alcalde, que iso é nos expedientes de contratación. No obstante, cando vostede guste, eu lévolle, segundo o Real Decreto de habilitados e segundo o ROF, cando esta Secretaría ten que emitir informe obrigatoriamente. E entón chegaremos á conclusión de que un dos supostos é cando llo pide o Alcalde expresamente. E como non vamos, entendo, a entrar nesa dinámica que sería, loxicamente, entorpecería o funcionamento dos servizos, remítome a dicirlle, esa competencia, procedemento e prazos, establécese nos procedementos de contratación. Agora, eu non informo nin nas bases reguladoras de subvencións, nin nas axudas de libros que se conceden, nin nos concertos que se organizan, nin en min cincocentas cousas que se realizan neste concello, expedientes, nin sequera nos de urbanismo. Non son eu a responsable. Nin Secretaría, non vou falar en primeira persoa porque evidentemente, cando se di Secretaría, refírese a unha área. Claro. Loxicamente. Eu non, eu firmo, é dicir, eu non practico persoalmente as notificacións, nin sequera redacto o documento. Eu o asino, igual que o señor Alcalde tampouco fai materialmente os decretos, asínaos xunto comigo. Entón a cuestión é esa. É dicir, efectivamente eu onte na comisión informativa expliquei que había un problema de quizais mal entendemento de quen lle correspondía. Eu creo que ven da catalogación do expediente. É dicir, da natureza do expediente. Trátase dun expediente de persoal con implicacións económicas ou trátase dun expediente económico con implicacións de persoal. E eu creo que todo partiu de aí e a partir de aí non había unha responsabilidade clara na orientación do expediente, de quen tiña que impulsalo e quen tiña que levalo. Entón, diso derivouse que todo o expediente se tramitase, como non pode ser doutra maneira ao ser dunha reclamación económica en Intervención, e que a continuación se dise unha orde a Secretaría alegando que era de persoal para practicar unha notificación. E nese momento, unha funcionaria de Secretaría que recibiu ese día a chamada, podía ser calquera das tres que están alí, recibiu a chamada sen unha alerta, o cal é indemostrable, volvo a repetir, porque a boa fe desa funcionaria di si, realmente eu recibín esa chamada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un inciso, soamente. Creo que procede non poñer





CONCELLO DE BARBADÁS

nomes.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, é que ninguén está poñendo nomes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero onte si que se puxeron.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, pero onte si.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Pero onte non era un pleno.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Onte non era un pleno, era unha comisión informativa. Ademais eu teño autorización da funcionaria interesada. Ben, entón, efectivamente o que ocorreu é que dende o departamento de Intervención, houbo unha chamada telefónica, non houbo alerta, non houbo, oe isto é urxente. Practicar esta información e a persoa que colleu o teléfono apuntouno nun postit e como están as mesas, e é verdade, llo incido, como están as mesas actualmente de traballo, pasóuselle. E cando practicou a notificación xa era fóra de prazo. E de aí se deriva todo. Non houbo mala fe, nin mal funcionamento habitual, nin... Non. É que eu creo que este expediente, falla no orixe. E no orixe é na definición. A definición é cando alguén reclama diñeiro económico, esa é a miña teoría. Agora se vamos a chamarlle de persoal aos cálculos erróneos das nóminas entón a partir de agora solicito que incrementen o persoal no departamento de Secretaría porque os que están xa non poden máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Silvia. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben. Espero señor Alcalde, que despois de todas as intervencións que se foron acumulando en tempo, que

O Sr. Alcalde toma a palabra (PP): Pero non foron dez minutos de cada intervención. El foron tres minutos, senón lembro mal, ela foi unha intervención breve pero houbo aclaracións. Foron aclaracións, non intervencións.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben. Eu creo que a situación ben merece que aclaremos polo miúdo esta situación. E vou apelar á responsabilidade e á coherencia de todos os que estamos aquí. Isto ven mal parido dende un principio. E como ven mal parido dende un principio hoxe aquí non nos estamos pondo de acordo nin nos estamos a entender de que vai todo isto. Imaxínense vostedes cando traslademos todo este expediente novamente ao xulgado. Como dicía a miña compañeira, Chelo Vispo, vanse rir de nós. E non soamente é que se rían de nós, que iso sería o menor dos problemas,





CONCELLO DE BARBADÁS

senón que imos a incrementar as contías que agora lle debemos a esta funcionaria por sentenza, eh!, que xa creo que está en fase de execución, creo entender, aumentada con creces. Temos un pleno extraordinario, que van incrementarse eses gastos. Van haber uns intereses que se lle van a ter que pagar, moi probablemente, máis as costas e os informes xurídicos externos que estamos a solicitar. É certo e así o establece a propia Administración Xeral do Estado que os informes, para este tipo de procedemento, teñen que partir dos servizos xurídicos da organización, da propia Administración Xeral do Estado porque temos, e na Comunidade Autónoma e nas entidades locais dos seus propios. Senón é posible por abstención da Secretaria, facer eses informes, teremos que recorrer ao órgano superior inmediato, solicitar esa asesoría xurídica. Nós entendemos que sería a Deputación ou algún outro Secretario dalgún concello. Pero iso teno que solicitar a alcaldía. Por outra banda, en primeiro lugar, despois destas todas aclaracións, hai un decreto que entendemos que se enviou ao xulgado e que é de onde provén toda esta problemática. Concretamente o de 4 de maio de 2017, que para máis inri parece ser que hai un erro nese decreto, na data. Tocando tamén o tema dese decreto, quero dicir que nin o temos hoxe, ese decreto, para podelo ver, saber se realmente existen, nos fiamos, eses erros, saber en que consistiron, pero é que tampouco o tivemos naquelas datas, cando se trasladan ao pleno a parte de control. Non tivemos ese decreto. E se existe un erro, despois de observalo, na data, despois de observar ese decreto, tamén se nos debería haber pasado esa corrección, coma se nos fai con outros. Deberíamos ter esa corrección. Tamén debería, a ver, é que estamos entrando xa nun tema de dicir o Alcalde, ordena, non ordena, para que están as providencias de alcaldía, senón para solicitar os informes a cada unha das áreas respectivas, eh!, e para poder determinar. É o Alcalde a través dunha providencia de Alcaldía quen ten que requirir eses informes. Onde está ese decreto vendo esa providencia ordenando a notificación á interesada, nesas datas? Onde está esa providencia, eh!, requirindo eses informes? Nós non temos constancia deles. E vamos ser ousados, nós non, dende logo dende o Partido Popular que non imos a votar a favor disto, nin de coña, nin tampouco nos imos abster senón que imos votar en contra por responsabilidade. E que vai supoñer, e porque vai supoñer un custo considerable para este concello. E agora quero facer, despois destas dúas preguntas, ou desta pregunta que vou a trasladar, si, a ver, a min gustárame que se





CONCELLO DE BARBADÁS

prestara atención porque é un tema bastante importante

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non, estámosche prestando atención.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): e vou trasladar unha pregunta aos grupos que compoñen a oposición. Nós si que o temos claro. Compromiso por Barbadás e Democracia Orensana, quérolle trasladar esta pregunta, saben vostedes que é o que estamos acordando aquí hoxe neste pleno? E fago un silencio para que mo digan.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, que isto non é un debate. Eh! Pode facer un silencio para que o reflexionen, non para que llo digan. Non para que llo digan.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Para que reflexionen. Non hai unha segunda rolda de intervencións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un silencio retórico.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non? Vale. Pero voullo explicar eu.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non hai máis intervención.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Voullo explicar eu. Os acordos, se escoitaron ben ao señor Fírvida.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): _____Cousa vaia____, non vaia a outra cousa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, por favor. Por favor, señor Ramón.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Señor Padrón eu creo que ven bastante estudado xa vostede, de atrás para saber que ten que votar aquí. Xa me entende por onde vou. Vamos a ver.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón. Manuel e Ramón. Manuel e Ramón, por favor.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Que me está interrompendo señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Escóiteme un momentinho. Vostede non pode lanzarlle unha pregunta aos grupos da oposición porque non teñen dereito a réplica, neste caso, polo tanto non lance iso. Faga unha pregunta retórica e convide á reflexión, se quere, pero non teñen posibilidades de resposta. Entón faga o seu traballo conforme ao que proceda. Utilice a retórica que queira pero dende logo non lance preguntas que non poden responder.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non vou lanzar preguntas, señor Alcalde, nin



CONCELLO DE BARBADÁS

vou aludir á retórica. Voulle contestar á miña propia pregunta. Na proposta da alcaldía que se nos traslada para este pleno de data 16 de novembro, eh!, literalmente, e leo, realizada a tramitación legalmente en base aos informes emitidos propónse ao pleno a adopción do seguinte, previo ditame da comisión informativa, acordos, primeiro, desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data 18 de outubro de 2018 e desestimar as alegacións presentadas pola interesada, data 24 de outubro de 2018. E segundo, declarar a lesividade.” Aquí hai varios acordos que se nos están a trasladar a este pleno. Quen somos nós para desestimar as alegacións desta funcionaria?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non podemos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Quen somos nós para desestimar as alegacións? Miren, voullo explicar. Cando se inicia, cando se inicia un expediente para votar inicialmente unha ordenanza, somos nós e parte do pleno, parte do pleno, nunha ordenanza as propostas e a súa elaboración. Si ou non? Por iso ábrese un prazo de alegacións para que calquera as presente e entón nós teremos que despois nun pleno, estudar esas alegacións, admitilas ou non. E aquí, onde están os estudos? De onde parte estas alegacións? Parten do pleno? Para telas que votar nós e desestimálas? Alá vostedes. Fagan vostedes o que queiran. Nós dende logo non imos entrar nisto. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede.

A Sra. Secretaria toma a palabra: E que eu, mira, podería facer unha matización respecto a isto. Vamos a ver. Vamos a ver. E que aquí isto ten moito entramado xurídico. Eu, antes de nada quero que quede claro, e para que conste claramente en acta, que non quero, en certa medida, obviar a importancia deste expediente, polo feito de que eu dea xustificacións de funcionamento, polo feito de que dea explicacións de funcionamento de a quen lle corresponden ou a que servizo, non quere dicir que eu non vexa a importancia. E hai un dato que se nos escapou a todos. O silencio produciuse pola notificación extemporánea e trouxo como consecuencia, que cando vai facer, a funcionaria ao xulgado, a facer valer ese dereito seu adquirido por silencio, o xulgado non só lle concede o que pide, porque ela pedía o tempo de exercicio, que podía ser un ano e medio ou dous. Senón que o xuíz decidiu na súa sentenza outorgarlle unha retroacción de catro anos en base a que o prazo de prescrición das accións de persoal son de catro anos. Polo tanto, a importancia deste expediente, non é tanto se hai, existe





CONCELLO DE BARBADÁS

ou non existe un dereito, perdón, a importancia deste expediente non é tanto se existe ou non existe un dereito da funcionaria, que iso terá que determinarse en sede xudicial, ao abono desa diferenza retributiva, senón que o que entendo eu, modestamente, que lle produce un prexuízo ao concello, é esa declaración sentenza xudicial, que outorga unha retroacción aos catro anos. Iso é o que entendo eu que produce o prexuízo porque o outro está por determinar vía sentenza xudicial. O método, efectivamente, é este expediente de declaración de lesividade. Xa digo que existen diversas opinións. Existe unha opinión que di que non ten dereito en ningún caso, pero en dereito todo é opinable, en materia xurídica. E existe outra opinión que é a miña que entendo que si ten dereito a esa diferenza retributiva. Polo tanto, o dano, non é ese. O dano é a retracción ao tempo en que nin sequera reclamou e non podía reclamar porque a praza non se modificara orzamentariamente. Entón, como non había un aumento de diñeiro, ela estaba cobrando xustamente o que lle correspondía. Só son eses, non sei se son dous anos ou dos anos e algo. Vale. E respecto ao tema das alegacións, eu teño que, neste senso, dicir que, por razón, é dicir, a distinción entre as competencias do pleno e as de Alcaldía, ven establecida, a distribución de competencias, é dicir, non ten carácter xerárquico. O pleno non é superior ao Alcalde. O Alcalde está na mesma posición que o pleno. O que ocorre é que o Alcalde decide sobre unhas materias e o pleno decide sobre outras. En principio, si se presenta unhas alegacións a un expediente calquera, vamos a falar xenericamente, a resolución desas alegacións, corresponderíalle a un decreto de alcaldía. Agora o que non me atrevo a afirmar porque é un feito que non tiven tempo de reflexionalo xuridicamente, non me atrevo a afirmar que neste caso, non fora competencia do pleno a resolución das alegacións fronte ao que afirma o Partido Popular, tendo en conta que os expedientes teñen un carácter unitario e que o órgano encargado de resolver, suponse que debería de resolver, do principio ao final. Polo tanto, non me atrevo a pronunciarme de maneira definitiva. Se ben o que vostedes dixeron na maior parte dos expedientes é así. Por exemplo, preséntase un recurso de reposición, resólvese mediante un decreto de alcaldía. Se presenta, pero como este é un asunto de revisión de oficio dos propios actos da administración, que necesariamente ten que vir a pleno, eu non me atrevo a afirmar, tendo en conta que me acabo de decatara agora e non tiven tempo para estudar con detalle a cuestión, non me atrevo a afirmar que non sexa competencia do pleno. Non me





CONCELLO DE BARBADÁS

atrevo a afirmalo. Non me atrevo a afirmar que non o sexa, eh! É dicir

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non temos informe xurídico de que sexa así.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non temos informe xurídico de que sexa así, Silvia.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ese é o problema, no informe externo non existe esa información.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non podemos votar porque non temos un informe. Nós

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver. Non é obrigatorio a existencia dun informe xurídico relativo a esta cuestión porque acaban de plantealo e acaban de solicitalo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero o pono aquí. É que vimos a iso.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pono no acordo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non. Pono no acordo. Ben. Pero vamos a ver, se o acordo está ben ou mal redactado, que eu non o redactei, ben, pero se

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero vai contra nós no que votemos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, perdón. Se o acordo está ben ou mal redactado e detéctase un problema, vostedes acaban de solicitar o informe agora. E eu digo, eu teño un prazo de dez días para emitir un informe, eu teño un prazo de dez días para emitir un informe e estanmo pedindo verbalmente e non podo dicirlllo porque non o sei neste momento.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Como vamos a votar os partidos políticos isto sen un informe, se fai falta o informe

A Sra. Secretaria toma a palabra: Fai falta, non. Non é imprescindible para votar

O Sr. Alcalde toma a palabra: No fai falta. Non é preceptivo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non é preceptivo. Non é preceptivo. Necesítano vostedes, é diferente. Non é preceptivo legalmente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós non.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ou o necesita a corporación tamén.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós non. Nós sabémolo.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): É que ademais hai outra cousa. Está servindo





CONCELLO DE BARBADÁS

como base un informe de Intervención que nin tan sequera se requiriu cunha providencia de alcaldía. E estades a falar de que non se están poñendo nomes e neste informe, quero que se vexa moi ben, ten o nome da funcionaria.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ven aí, éh! Ollo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Xa o sei.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que é o que estamos facendo?.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Que é o que estamos facendo?.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. O nome da funcionaria virá aí por unha cuestión porque é un informe que é noso. Noso, do pleno.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero está servindo como base, segundo vostedes porque eu acabo de entender para tomar unha determinación neste proceso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Para os concelleiros. Para os concelleiros e concelleiras.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós, non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostedes néguense ao que consideren.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero estamos dicindo o por que para que se entenda que o Partido Popular, para explicarllo aos veciños.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero vamos a ver. Se pretenden que quede gravado terán que acender o micrófono.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Silvia, é que non imos a entrar. Dixemos por activo e pasivo todo o que trouxemos aquí, cun informe xurídico. Tráennos, ou sexa, o que vimos, a presentación que nos dan para vir a este pleno de dous puntos, de tres puntos, non ten base. Ou sexa é que non hai. Nós non sabemos si podemos votar esas alegacións ou non. Quen somos nós?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben, un momento. Outra cousa quero matizar. A providencia de alcaldía. Vamos a ver. A providencia de alcaldía, a administración impúlsase, os expedientes de administración, impúlsanse de oficio. Que significa iso? Que o funcionario que abra o expediente, e que saiba que queira pedir, por exemplo informes, porque claro o informe non se pide dun funcionario a outro. O informe non se pide dun funcionario a outro. É dicir, non se pide de Intervención a Secretaría, ou de Secretaría a Urbanismo. No ámbito coloquial si. Descólgase o teléfono, oe mira que te



CONCELLO DE BARBADÁS

acabo de pedir un informe que necesito un informe sobre isto. É o Alcalde o que pide os informes pero o que abre o expediente ten que saber os informes que fan falta. E facer unha providencia para que a firme o Alcalde, en cuxo contido se sinale que informe se requiren, de Urbanismo, de Intervención, de Secretaría, xurídico, de Secretaría, de Persoa, da área de persoal apuntando determinados datos, de Padrón, de calquera departamento. A providencia non a redacta o Alcalde. Os expedientes impúlsanse de oficio e elo implica que quen abre o expediente é quen deberá facer a providencia se necesita informes doutras áreas. Senón os necesita, non ten nin sequera por que facer esa providencia. Pode darlle curso o propio funcionario.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero é que isto Silvia, isto é un remix, porque aquí maior parte do seu contido non é económico e me estou referindo ao informe de Intervención. É xurídico, polo que aquí se pon. Non sei se vostede o viu.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): É informe xurídico.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non o lin.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede rematou a súa intervención, señor Manuel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Señor Alcalde, si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Simplemente dicir que non hai un erro no decreto. Hai un erro na notificación. Matizarlle a vostede. O decreto está correcto. O decreto é o que asinamos, a señora Secretaria máis eu. Data catro.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero hai un erro nunha data.

O Sr. Alcalde toma a palabra: non, non, non. Espere. Eu creo que non os interrompín a ninguén.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): A data 4 de maio.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que non os interrompín a ninguén

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero é que na notificación vai

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, por favor. Eu creo que non os interrompín a ninguén. O decreto está asinado por min o 4 de maio. Está asinado pola señora Secretaria o 8 de maio. O 8 ou 12. O 8. E notifícase á interesada o 12 de xuño. Pero na notificación, non no decreto. Non se equivoque. Na notificación fai referencia ao decreto do 23 de maio. Non é o mesmo que figure na notificación a que figure no



CONCELLO DE BARBADÁS

decreto. Non, porque se figura no decreto, estaría eu cometendo o erro. Hai moita diferenza.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Que non temos ese decreto nin se nos pasou nese momento.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moita diferenza. Moita diferenza. O decreto está asinado o día 4 de maio, polo Alcalde, dentro de prazo, dentro de prazo e o traslado faise o 12 de xuño, facendo referencia a un decreto do 23 de maio. Cousa que é errónea. Non hai decreto do 23 de maio. Hai decreto do 4 de maio, no que se recolle unha data do 23 de maio que é errónea. Sería por un copia/pega ou polo que fora. Polo que fora. Que volvo repetir, quen traballa, erra. Pero non é o decreto, é a notificación como vostede di. Non. O erro está na notificación, non no decreto. Quede moi claro. Despois, unha matización que lle hai que dicir. Se a persoa que exercía as funcións de Tesoureira accidental, con esta sentenza non vai a sufrir un incremento salarial, cobraría en todo caso, non, non, a sucesivos non

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Quen dixo? Non dixemos iso, señor Alcalde. Dixemos que vai ter. Non dixemos iso, está gravado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu entendín iso. Non sei, eu teño esa nota.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Iso non o dixemos. Dixemos que vai cobrar intereses e vaise incrementar

O Sr. Alcalde toma a palabra: E a señora Secretaria xa aclarou, e a señora Secretaria xa aclarou tamén que a providencia non lle corresponde facela ao Alcalde. Xa dixo que se fan de oficio. Así, eu non teño moito máis que dicir sobre este asunto. Votos a favor?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Alcalde. Podemos esperar un momento?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, podemos esperar un momento. Un receso dun minuto. Facemos un receso dun minuto. Se queremos levantámonos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, despois, é o resultado do que sexa, Silvia. Votamos. Votos a favor da, hai dous puntos. Paremos. Hai dous puntos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Hai tres, non?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Tres ou catro ou cinco.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Espera, trae a proposta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Declaración de lesividade, aquí hai un punto só.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, trae a proposta de Alcaldía

O Sr. Alcalde toma a palabra: A proposta está ao final.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A proposta da Alcaldía.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que son dous puntos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Espera, creo que está aquí. Espera, espera. Acordos. Non, primeiro e segundo. Hai dous acordos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Había dous.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Hai dous, Manuel.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

O Sr. Fírvida toma a palabra: A ver, a ver. Perdoa. A ver. Porque despois eu

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, creo que hai dous puntos. No acordo creo que hai dous.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non, non. Ten razón Manuel. Hai cinco. Claro, o que pasa é que non copiei os outros. Si, si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah! Si. Primeiro punto. Desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data de 18 do dez do 2018. Desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data 24 do dez do 2018. Estas alegacións desestímense polos motivos e co argumentario xurídico expresado no informe emitido pola Interventora municipal de data 15 do once de 2018, e no informe a emitido polo letrado, de data 15 do once de 2018, dos que se remitirá copia a interesada adxunto coa notificación do presente acordo. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor, Partido Socialista, que só ten tres, catro, votos. BNG, que ten tres votos. Son sete. Democracia Orensana, dous votos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: e votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, un, dous, tres, catro, cinco. Seis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Seis. Abstencións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto. Un, abstención. Polo tanto queda aprobado este acordo, que é o...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que é desestimar as alegacións do 18 do dez e do 24 do dez. Segundo, declarar a lesividade para o interese público do acto da notificación extemporánea do decreto da Alcaldía, 4 de maio de 2017, no expediente 706/2017, de





CONCELLO DE BARBADÁS

xeito que a notificación practicada polo departamento de Persoal/Secretaría, do decreto de alcaldía de data 4 de maio 2017, fóra do tempo establecido, motivou alteración do sentido desestimatorio dese decreto. Os efectos do silencio administrativo transformaron este decreto de desfavorable en favorable. As pretensións da funcionaria interesada, sendo este obxecto da declaración de lesividade. O devandito acto é anulable xa que incumpre co disposto no ordenamento xurídico nos termos do artigo, 107 e 48 da Lei 39/2015 polo mesmo artigo 48, dispón, “son anulables os actos da administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder, segundo, non en tanto o defecto de forma, só determinará a nulabilidade cando o acto careza do requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados. Terceiro, a realización das actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas, só implicará, a nulabilidade do acto cando se imponha a natureza do termo ou prazo”. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Do segundo punto.

A Sra. Secretaria toma a palabra Partido Socialista, máis BNG, máis Democracia Orensana.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale. Votan en contra Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Terceiro punto. Terceiro acordo, polo tanto. Interpor recurso ante a sala do Contencioso Administrativo, xulgado do Contencioso Administrativo, en prazo máximo de dous meses, que se incorpore a este expediente todo o actuado no expediente 706/2017. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG, Democracia Orensana, a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto, abstención.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Punto cuarto, ou acordo cuarto. Notificar á interesada, dona Gloria Ceballos Carrera, aos efectos oportunos, daráselle traslado aos efectos emitidos. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG e Democracia Orensana, a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quinto punto e último. E quinto acordo, polo tanto. Facultar ao señor Alcalde para a execución do seguinte acordo. Votos a favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG e Democracia Orensana, a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular en contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Queda levantada a sesión.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a todos e todas porque dende logo isto foi engoroso de todo.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Orensana, os votos en contra de PP e a abstención do Grupo mixto o seguinte acordo (transcríbese literalmente a fundamentación da proposta de acordo da Alcaldía ao Pleno): “ **PROPOSTA DA ALCALDÍA.** Considerando a Resolución de Alcaldía de data 15.10.2018 pola que se incoou o procedemento de declaración de lesividade. Tendo en conta que este procedemento de lesividade afecta á Notificación extemporánea do Decreto da alcaldía 04.05.2017 (expediente 706/2017). Neste senso indicar que se ben o Decreto da Alcaldía se firma polo Sr. Alcalde (04.05.2017) e pola Sra. Secretaria (08.05.2017) ambos dentro de prazo, faise constar que a Notificación do devandito Decreto foi asinada pola Sra. Secretaria Municipal na data 12.06.2017, data na que se lle pasou á firma polo





CONCELLO DE BARBADÁS

departamento de Persoal/Secretaria, sendo este departamento o que practicou a notificación na mesma data 12.06.2017, fora do tempo procedimental establecido, o que motivou a alteración do sentido desestimatorio dese Decreto. A falta de notificación en prazo determinou a produción dos efectos do silencio administrativo, de xeito que este silencio transformou este Decreto desfavorable en favorable ás pretensións da funcionaria interesada, sendo este o obxecto da declaración de lesividade. Déisaxe constancia que non se pode predicar respecto do expediente 706/2017 a falta de actividade deste Concello, en tanto que a Intervención Municipal emitiu informe en tempo e forma, e esta Alcaldía ditou, tamén en tempo e forma, Decreto de senso desfavorable. Considerando así o Informe da Secretaria Municipal á incoación do expediente de lesividade de data 04.10.2018. Considerando así o Informe da Interventora Municipal á incoación do expediente de lesividade de data 15.10.2018. Considerando que con data 16.10.2018 (núm. 3711) deuse traslado do expediente de lesividade á interesada para que no prazo de 10 días hábiles formulase alegacións, e presentase cantos documentos e xustificacións estimase pertinentes. Tendo en conta o Certificado de alegacións formalizado pola Secretaria Municipal. Tendo en conta as alegacións presentadas pola interesada na data 18.10.2018 (núm. 8845). Tendo en conta as alegacións presentadas pola interesada na data 24.10.2018 (núm. 9081). Tendo en conta o escrito presentado pola Secretaria Municipal de data 09.11.2018, no que indica a súa abstención na tramitación deste expediente alegando unha amizade íntima coa interesada, D^a Gloria Ceballos Carrera. Tendo en conta o informe da Intervención ás alegacións de data 15.11.2018. Dada a abstención da Secretaria Municipal, emitiuse na data 15.11.2018 informe xurídico ás alegacións por D. Julio Bahía Ambrosio, Letrado que obxenta a representación procesal neste expediente. Tendo en conta os informes emitidos nos que se comprobaba se o acto administrativo vulneraba o interese público, aos efectos do artigo 107 da Lei 39/2015. Realizada a tramitación legalmente e en base aos informes emitidos propónse ao Pleno a adopción do seguinte, previo ditame da Comisión Informativa de Persoal. **PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data 18.10.2018 (núm. 8845), e desestimar as alegacións presentadas pola interesada na data 24.10.2018 (núm. 9081). Estas alegacións desestímense polos motivos, e co argumentario xurídico expresado no informe emitido pola Interventora



CONCELLO DE BARBADÁS

Municipal de data 15.11.2018 e no informe emitido polo Letrado de data 15.11.2018, dos que se remitirá copia á interesada, xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Declarar a lesividade para o interese público do acto da Notificación extemporánea do decreto da alcaldía 04.05.2017 no expediente 706/2017, de xeito que a notificación practicada polo Departamento de Persoal/Secretaría do Decreto da Alcaldía de data 04.05.2017, fora do tempo establecido, motivou a alteración do sentido desestimatorio dese Decreto. Os efectos do silencio administrativo transformaron este Decreto desfavorable en favorable ás pretensión da funcionaria interesada, sendo este o obxecto da declaración de lesividade. O devandito acto é anulable, xa que incumpre co disposto no ordenamento xurídico, nos termos do artigo o artigo 107 e 48 da Lei 39/2015. Polo mesmo, o Artigo 48, dispón: “Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder. 2. Non entanto, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados. 3. A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do termo ou prazo”.

TERCEIRO. Interpor recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo Xulgado do Contencioso-Administrativo en prazo máximo de dous meses. Que se incorpore a este expediente todo o actuado no expediente 706/2017.

CUARTO. Notificar á interesada D^a Gloria Ceballos Carrera, aos efectos oportunos. Se lle dará traslado dos Informes emitidos.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde para a execución do presente Acordo.”

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 20:50 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

